

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar, valorar e amosar interese polos principais problemas da sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara eles.
- Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía e a historia a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos.
- Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos.
- Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora do entorno natural, rural e urbano.
- Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación.
- Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna.
- Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución.
- Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ó longo da historia medieval e moderna reflexionando sobre as aportacións á cultura universal.
- Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, mostrando actitude de respecto e tolerancia cara ós diferentes sentidos de pertencenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.
- Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.
- Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sostible, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garantizan a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sostible.
- Mostrar actitudes pacíficas e respetuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, respondendo asertivamente ante as situacións de inxustiza e desigualdade.
- Valorar a diversidade social e cultural, rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio por razón de xénero.
- Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural, considerando un ben e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.

## CONTIDOS

- Desafíos demográficos no mundo actual. Dinámica demográfica de Galicia.
- Aglomeracións urbanas e ruralidade.
- Movementos migratorios.
- Igualdade. Roles de xénero en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.
- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo.
- Conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna.
- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna.
- A organización política no mundo medieval e moderno.
- As identidades culturais durante a Idade Media e a Idade Moderna.
- O papel da relixión na organización social: Herexías, persecucións e guerras de relixión.
- Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social durante a Idade Media e a Idade Moderna.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Respeto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Dignidade humana e dereitos universais.
- Interés ante os retos e problemas de actualidade no entorno local e global.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos e proxectos comunitarios.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- a) 70%: media dos resultados das probas escritas (unha ou dúas por unidade didáctica) nas que se valorará a adquisición das distintas competencias clave segundo os criterios de avaliación e os contidos. Terase en conta a correcta presentación, ortografía e expresión.
- b) 20%: media das producións do alumnado nas que se valorará a presenza/ausencia de contidos, presentación, grao de resolución acadado nas actividades e a adecuada cumplimentación dos guións de actividades de clase e complementarias. Utilizaranse diferentes instrumentos de avaliación.
- c) 10%: actitude na clase fronte a materia e a interacción na aula. Valorarase a participación, o interese por realizar con puntualidade as tarefas, o coidado do material e o comportamento respectuoso co alumnado, profesorado e resto da comunidade escolar. Utilizarase unha rúbrica para cualificar esta porcentaxe.